

# XANEIRO 2019



| *LUNS* | *MARTES* | *MÉRCORES* | *XOVES* | *VENRES* |
|---|---|---|---|---|
| | **8**<br>Empanada<br>Guiso de tenreira<br>Froita | **9**<br>Lentellas<br>Peixe fresco á prancha con ensalada<br>Froita | **10**<br>Crema de cabaza<br>Raxo de polo con arroz<br>Lácteo | **11**<br>Fabada<br>Bacallao á galega<br>Lácteo |
| **14**<br>Chícharos con xamón<br>Pasta á boloñesa<br>Froita | **15**<br>Sopa de tomate<br>Tortilla de patacas con ensalada<br>Lácteo | **16**<br>Minestra de verduras<br>Fideuá de marisco<br>Froita | **17**<br>Crema de calabacín<br>Solombo de porco con arroz<br>Lácteo | **18**<br>Lentellas<br>Peixe á prancha con pataca ó vapor<br>Froita |
| **21**<br>Brócoli con allada<br>Pasta con atún<br>Froita | **22**<br>Sopa de letras<br>Carne ó caldeiro<br>Lácteo | **23**<br>Potaxe de garavanzos<br>Merluza rebozada con ensalada<br>Froita | **24**<br>Minestra de ovo<br>Xamón asado con patacas fritidas<br>Lácteo | **25**<br>Ensaladilla<br>Paella valenciana<br>Froita |
| **28**<br>Xudías con tomate<br>Pasta con xamón e cogomelos<br>Froita | **29**<br>Crema de verduras<br>Peituga de polo á prancha con ensalada<br>Lácteo | **30**<br>Caldo<br>Calamares en tinta con arroz<br>Froita | **31**<br>MENÚ ESPECIAL<br>FIN DE MES | |

## Comeza un novo ano. Feliz 2019!

Atrás quedou 2018 e atrás quedou tamén o tempo de Nadal, caracterizado por algunhas tradicións como as árbores con luces e ornamentos típicos nos fogares, a acolledora decoración das tendas que nos invitan permanentemente a entrar e a mercar, a iluminación das rúas, os anuncios comerciais na televisión e na radio...



E falando de radio é preciso sinalar que as emisoras tenden a desempoar vellos clásicos  ano tras ano. A maioría son "standards" do extenso repertorio de Jazz norteamericano como por exemplo "Santa Clauss is coming to town", "It's Beginning to Look a Lot Like Christmas", "Jingle Bells" ou "Last Christmas" cantados por artistas de sona mundial como Michael Bublé ou George Michael.

Pero deixando xa a un lado a melancolía do Nadal imos recordar que, dende sempre, estudamos ó señor Guglielmo Marconi como inventor da radio. Pois ben, atentos porque a historia non foi exactamente así. Marconi foi un importante enxeñeiro electrónico e Premio Nobel de física en 1909 que inventou a radio baseándose en 17 patentes de Nikola Tesla e do español Julio Cervera, quen, segundo estudos recentes, desenvolveu a radio once anos antes ca Marconi. Pero resulta que Nicola Tesla xa desenvolvera a radio catro anos antes que Julio Cervera. Por estes motivos Nikola Tesla levou a Marconi ante o o Tribunal Supremo dos Estados Unidos, que recoñeceu ao propio Nikola Tesla como o verdadeiro inventor do sistema de radio.

Unha historia curiosa, verdade? Pois dende aquí animámosvos a coñecer máis sobre estas tres importantes figuras da ciencia!